



XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE PONTEVEDRA
Xefatura Territorial da
Consellería de Sanidade

Edificio Administrativo Xunta de Galicia
Rúa Fernández Ladreda, núm. 43 - 1ª planta
36003 PONTEVEDRA
Teléfono: 986 885 800 - Fax: 986 885 802

galicia

SCRA/rcc

CAMBADOS

REXISTRO ENTRADA

2017-E-RC-5503

04/08/2017 10:04



Asunto: Notificación do acordo de inicio do expediente sancionador núm. 2017296AL-PO.


Achégolle, para a súa exposición no taboleiro de anuncios dese concello, a cédula de notificación do acordo de inicio do expediente sancionador núm. 2017296AL-PO, incoado a Elisardo del Río Cores, con DNI [REDACTED] como titular do establecemento El Rincón de Manuela, e con enderezo na rúa Pontevedra núm. 4 2º D, de Cambados, despois de intentar, sen resultado positivo, a notificación do referido acordo por dúas veces no último enderezo coñecido.

Todo de conformidade co disposto no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para os efectos do disposto no artigo 40 da Lei 39/2015, prégolle que envíe dilixencia na que conste a exposición da cédula de notificación no taboleiro de anuncios dese concello durante un prazo de 15 días hábiles.

Pontevedra, 30 de agosto de 2017

A xefa territorial



Ángel Feijoo-Montenegro Fernández

CONCELLO DE CAMBADOS

Praza Do Concello, 1, 36630 Cambados, Pontevedra

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA
PONTEVEDRA

Date 31/08/2017 09:58:57

SAÍDA 80179 / RX 1222652





CÉDULA do 30 de agosto de 2017 da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se notifica o acordo de inicio do expediente sancionador núm. 2017296AL-PO, por infracción en materia de seguridade alimentaria.

Con data 9 de agosto de 2017, a xefa territorial da Consellería de Sanidade de Pontevedra ditou acordo de inicio do expediente sancionador núm. 2017296AL-PO, incoado na Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade de Pontevedra contra Elisardo del Río Cores, con DNI [REDACTED], como titular do establecemento El Rincón de Manuela.

Tras intentar a notificación deste acordo consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, non puido practicarse, polo que mediante esta cédula notifícaselle a Elisardo del Río Cores, con DNI [REDACTED], como titular do establecemento El Rincón de Manuela, o contido do dito acordo, que figura no anexo, segundo o disposto no artigo 44 da dita Lei, para o seu coñecemento.

Tamén, fáiselle saber o dereito que o asiste, ao abeiro do disposto no artigo 76 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, para presentar alegacións ante esta xefatura territorial no prazo de 15 días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación desta cédula, lembrándolle o seu dereito a consultar o expediente, depositado nas dependencias desta xefatura, sita en Pontevedra, no Edificio Administrativo da Xunta de Galicia, rúa Fernández Ladreda, núm. 43-1º andar, e obter, se é o caso, copia del, segundo o previsto no artigo 53.1 a) da Lei 39/2015.

Notifícaselle tamén que, de non efectuar alegacións sobre o contido do dito acordo no citado prazo, o acordo de inicio poderá ser considerado proposta de resolución cando conteña un pronunciamento preciso acerca da responsabilidade imputada, consonte o artigo 64.2 f) da Lei 39/2015.



XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE PONTEVEDRA
Xefatura Territorial da
Consellería de Sanidade

Edificio Administrativo Xunta de Galicia
Rúa Fernández Ladreda, núm. 43 - 1ª planta
36003 PONTEVEDRA
Teléfono: 986 885 800 - Fax: 986 885 802

galicia

Advírtese que antes da resolución do procedemento ten dereito ás reducións establecidas no artigo 85 da Lei 39/2015.

Esta cédula expídese para que conste e lle sirva de notificación ao interesado, en cumprimento do disposto no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Así mesmo faise constar que a eficacia da notificación quedará supeditada a súa publicación no TEU do BOE.

Pontevedra, 30 de agosto de 2017

Xefa Territorial de Pontevedra



Ángeles Feijoo-Montenegro Fernández



XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE PONTEVEDRA
Xefatura Territorial da
Consellería de Sanidade

Edificio Administrativo Xunta de Galicia
Rúa Fernández Ladreda, núm. 43 - 1ª planta
36003 PONTEVEDRA
Teléfono: 986 885 800 - Fax: 986 885 802

galicia

ANEXO:

Número do expediente: 2017296AL-PO.

Denunciado: Elisardo del Río Cores, con DNI [REDACTED], como titular do establecemento El Rincón de Manuela.

Último enderezo coñecido: rúa Pontevedra núm. 4 2º D, de Cambados, Pontevedra.

Feito imputado: suposta infracción en materia de seguridade alimentaria.

Preceptos presuntamente infrinxidos: artigo 5.1 a) do Decreto 204/2012, do 4 de outubro, polo que se crea o Rexistro Galego Sanitario de Empresas e Establecementos Alimentarios.

Tipificación: unha infracción administrativa tipificada como leve no artigo 41 b) da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Sanción proposta: seiscentos euros (600,00 €).